

A historia das miñas linguas

Xosé era un home moi inqueda, non se conformaba co que tiña, polo que decidiu marchar dun pobo de Portugal de nome Refoxos, a Galicia. Cando chegou ao Concello de Trazo, concretamente a Castelo, namorouse perdidamente de Purificación e, despois de cambiar o seu apelido de Alves a Álvarez, decidiron formar unha familia. Tendo en conta as linguas faladas por ambos proxenitores, os seus fillos serían criados en galego e en portugués.



Desa humilde familia naceron nove criaturas de nomes: Xaime, María, Xosé, Amancio, Elías, Lourdes, Estrela, Manuel e Crisanto. Co tempo, os fillos máis vellos tiveron que marchar do país para poder vivir e Manuel, en Brasil, foi capaz de utilizar unha das súas linguas natais para desenvolverse.

A Amancio gustáballe moito ir ás festas nas que bailaba e cantaba con gran gusto, facíao moi ben e, ademais, era moi guapo, algo que fixo que unha moza de nome Erminda se fixase nel.

Erminda foi a primeira dos dous fillos que tivo María, unha nai solteira de Fosado, unha aldea do concello de Ordes, que quedou preñada de Francisco que ao final os abandonou. María só sabía falar galego polo que Erminda e Manuel, o segundo fillo, foron criados nesta lingua.



Como ben dicía, Erminda foi a unha festa e namorouse de Amancio, del e da súa capacidade de bailar, porque se algo lle gustaba a Erminda na vida era bailar e cantar. Namoráronse de tal maneira que Amancio, un bo día, decidiu pedirlle a man desta á nai da súa namorada. Con todo, casaron e criaron dous fillos en Fosado, a María e a Xosé Manuel. Por circunstancias da vida e ao ver que non eran capaces de sustentar economicamente á súa familia, decidiron emigrar deixando esas dúas criaturas coa súa avoa María.



Despois de estar un par de anos en Inglaterra traballando e mandando cartos a Galicia para poder manter aos seus fillos, Erminda volveu quedar embarazada. O 4 de xullo de 1967, en Inglaterra, nacíu Carlos que, aos 11 meses, veu para Galicia para permitir que os seus pais fosen capaces de seguir traballando. Como foron criados coa súa avoa, foron criados en galego, aínda que incorporaron o castelán cando ían á escola.



Cando Carlos cumpriu 11 anos, os seus pais viñeron por el e polos seus irmáns para que fosen á escola e traballasen alí. Pouco a pouco, Carlos foi incorporando o inglés ao seu repertorio lingüístico e conseguiu desenvolverse perfectamente nesta lingua. Evidentemente foi por motivos forzosos, pero isto permitiulle conseguir traballo alí.

No ano 1990, despois de continuas viaxes cando estaba de vacacións, decidiu volver para Galicia porque din que a terra chama por nós, e ao final, esa palabra que é tan nosa, a morriña, é un sentimento que nos fai volver sempre á nosa preciosa terra.

Pois ben, concretamente, nunha aldea do concello de Oroso de nome Trasmonte, Carlos foi a unha festa e fixouse nunha fermosa moza que se chamaba María Elena. María Elena era unha moza de pel branca, de ollos grandes e cabelo negro coma a noite mesma, pero cunha luz interior inexplicable.

María Elena viña dunha familia máis grande ca Carlos, pero é mellor comezar a explicalo dende o principio.

Hipólito e máis Isolina foron dous mozos que se casaron e tiveron os seus primeiros fillos en Gonzar, unha parroquia do concello de O Pino, e que despois se trasladaron á capital galega para traballar. Tiveron sete fillos en total que foron criados completamente en galego, os seus nomes eran: Xaime, Xesús, Antonio, María, Carme, Manuel e Xosé.



Fisicamente eran todos iguais, algo que caracteriza moito aos que son desta familia: a pel branca, os ollos grandes, pestañas longas, pelo negro e cara miúda, todos iguais a Hipólito.

Manuel, ademais de ser así nada máis mirar para el, tiña unha personalidade que chamaba moito a atención. Gustáballe moito cantar mentres traballaba, miraba moito polos seus e encantáballe estar en familia.

Un bo día, marchou co seu irmá Xaime a levar as vacas ao prado e, como era costume, facíano cantando e bailando, algo que chamou a atención dunha moza que se chamaba Elena.

Elena pertencía a unha familia de oito fillas que foron o resultado dos múltiples abusos que recibiu Rosa, por parte do seu marido Xosé. So tiveron fillas e os seus nomes eran: Mercedes, Matilde, Carme, Manuela, Elena, Otilia, Adelina e Regina. Rosa faleceu cando intentou dar a luz a unha nova criatura que tamén faleceu no acto, de modo que todas estas mulleres foron criadas polo seu pai, en Arins, unha parroquia pertencente ao concello de Santiago de Compostela.

Elena ía coas súas irmás levar as vacas ao prado, ao igual que Manuel, o que fixo que o destino os xuntase. Namoráronse tanto que, a pesar da pobreza que os inundaba en ambas as dúas casas, decidiron vivir xuntos e formar a súa familia.



Primeiramente viviron na casa natal de Elena, en Arins, ata que aforraron algúns cartos para comprar un terreo e poder facer a súa casa. Tiveron tres fillos: Xosé, María do Carme e, o 1 de novembro de 1969, a María Elena.

O soño que tiña Elena era que os seus fillos estudasen, que fosen persoas cultas; sempre dicía *“Ai miña neniña, eu cando era pequena non podía ir á escola porque tiña que traballar, pero ti estudia”*. Con isto, conseguiu que os seus tres fillos fosen algún tempo ás clases, polo que foron criados en galego e en castelán. Concretamente, María Elena foi á escola ata que, por propia decisión, decidiu poñerse a traballar, a pesar de que a súa nai estivese en contra. Gustaríame destacar que, a día de hoxe, arrepíntese de non terlle feito máis caso a súa nai, que non tiña apenas estudos pero era a persoa máis intelixente que tiven a sorte de coñecer.



Pois ben, como ben dicía antes, María Elena e Carlos coñecéronse nunha festa e, despois de pasar un tempo xuntos, o 17 de setembro de 1994 decidiron casar. Foi unha voda con diversidade lingüística, xa que había xente que maiormente falaba o galego, pero tamén outra xente que se desenvolvía en castelán e outra en inglés.



Cinco anos despois, concretamente o 25 de marzo de 1999, María Elena daba a luz a unha nena no hospital de Santiago de Compostela. Esta nena era tiña os ollos grandes, pelo negro e pel branca, algo que sempre caracterizou á familia do pai de María Elena.



Esta nena, só por criarse nunha familia plurilingüe, incorporaría ao seu coñecemento o galego, o castelán, o inglés e o portugués. Isto non é de todo así, porque esa nena chámase Silvia e son eu.



O galego é a miña lingua materna, xa que os meus pais sempre me falaban nela. O castelán incorporeino na escola. O inglés, por desgraza, non o teño tan asimilado como quixera pero si que é verdade que sempre tiveron un nivel un pouco máis alto que os meus compañeiros. Algo que sempre me dixeron os mestres é que no momento de falalo, a min sáeme natural, isto é debido a que na casa dos meus avós, Amancio e Erminda, a xente desenvolvíase en inglés, por mor de estar alá un tempo prolongado. Co tempo isto foise perdendo, xa que é de mala educación falar cun grupo de persoas nun idioma que a maioría non entende. Quédame pena de non ter aprendido o portugués, que se perdeu cando o meu avó Amancio non llo falou aos seus tres fillos.

Os contextos lingüísticos nos que me desenvolvín como persoa e nos que me comunico son:

Cos meus pais e coa miña familia comunícome en galego, xa que todos compartimos esta lingua, aínda que hai días nos que nos comunicamos en inglés o meu pai e máis eu.





No contexto dos meus amigos hai diversidade, xa que algúns deles falan castelán e outros galego. De todas maneiras, eu exprésome sempre en galego xa que eles son capaces de entenderme.



No ámbito do deporte que practico, o tenis de mesa, intento comunicarme sempre en castelán xa que hai xente procedente, sobre todo, de países latinoamericanos, ademais de xente do resto de España. Utilizo este idioma para unha maior comprensión entre todos. Gustaríame salientar que o meu adestrador é ruso así que, por mor de pasar trece anos ao seu carón, algunhas palabras aprendín, polo que podería dicir que o ruso tivo algunha presenza na miña vida.



No ámbito dos estudos, como se pode observar, falo o galego e fago todos os traballos que podo en galego porque me sinto máis cómoda e sinto que me desenvolvo dunha mellor maneira. Por sorte, os amigos que fixen na facultade, comparten este afán polo galego coma min e seguramente este é un motivo que nos uniu.

En conclusión, se as linguas se foran establecendo como nosas, a día de hoxe debería saber falar portugués, galego, inglés e castelán. Por desgraza isto non é así, pero estou orgullosa de ter o galego como primeira lingua e o castelán como segunda, linguas nas que considero que me desenvolvo perfectamente. Entendo e son capaz de comunicarme en inglés, aínda que non como me gustaría, e entendo o portugués grazas ao galego.

Gustárame destacar por último que, aínda que non sexa capaz de desenvolverme nas catro linguas á perfección, teño tres delas presentes, algunhas máis ca outras, pero téñoas. A que máis presente teño evidentemente é a galega e é algo que me enche o peito bastante. A segunda máis presente que teño é a inglesa xa que na casa da miña avoa Erminda, a día de hoxe, séguense levando os horarios que tiñan en Inglaterra, séguense comendo da mesma maneira. Destacar tamén que teño moi instaurado o pensamento inglés, polo que inconscientemente escapo deses pensamentos machistas que cobren a nosa cultura tanto galega como castelá. A cultura castelá témola imposta, xa que intenta asoballar sempre á cultura galega, así que téñoa presente.



E ata aquí as linguas e as culturas que teño presentes na miña vida. Oxalá nalgún momento da miña vida teña a oportunidade de coñecer máis, pero sempre coa súa cultura, que sempre van unidas.